

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 2 de febreiro de 2018 pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal dos corpos da Policía local dos concellos de Galicia.*

Aprobado o programa anual de actividades para o ano 2018 da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) polo Consello Reitor, de acordo co establecido no artigo 9.2.b) da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Agasp, convócanse os cursos de formación continua dirixidos aos/ás policía locais de Galicia, correspondentes ao primeiro semestre do ano 2018, cuxas bases e características, especifícanse nos anexos desta resolución.

A Estrada, 2 de febreiro de 2018

Luis Menor Pérez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

**ANEXO I**  
**Bases****Primeira. Destinatarios**

Poderán participar nos cursos convocados por esta resolución os/as policía locais de Galicia que se atopen en situación de servizo activo ou excedencia por coidado de familiares.

A baixa laboral por incapacidade temporal impide a participación nas accións formativas convocadas, polo que de producirse esta situación, os/as interesados deberan comunicalo á Agasp de xeito inmediato, no caso de non facelo serán penalizados coa non participación en accións formativas da Agasp nun ano contado desde o día seguinte a que se teña coñecemento do feito, e no caso de estar a realizar efectivamente un curso, non se emitirá diploma algún deste.

Será revisable a admisión de persoas en baixa laboral por incapacidade temporal, cando esta veña producida por accidente de traballo recoñecido como tal e a asistencia ao curso non interfira na recuperación.



O 10 % das prazas convocadas reservanse ao persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado que traballan en Galicia.

Se as solicitudes para participar nun curso non superan as 10 persoas, a Agasp reserbase a facultade de anular a actividade formativa.

#### Segunda. *Solicitudes*

- O persoal que desexe participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática dispoñible na páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.es>), non se admitirá ningunha outra forma ou modelo de solicitude.

- É preciso que todas as persoas que desexen participar en cursos da Agasp, manteñan actualizados os seus datos persoais, especialmente a conta de correo electrónico e o teléfono móbil, co obxecto de posibles comunicacións, no suposto de non ser correctos ou exactos os ditos datos, a Agasp non é responsable dos posibles prexuízos causados aos interesados.

- A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas solicitantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como a imposibilidade de participar en ningún outro curso durante o prazo dun ano computado desde o momento en que se detecte o feito.

- Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan cubertos correctamente todos os datos para realizar a selección do alumnado, non se axusten ao modelo normativizado ou sexan presentadas fóra de prazo.

- No caso de atoparse en algún dos supostos que a continuación se indican, o/a solicitante deberán remitir á Agasp, no mesmo prazo establecido para o envío da solicitude de inscrición, a certificación orixinal ou fotocopia legalizada que acredite tal situación (non será preciso, se tal documentación xa obra en poder da Agasp, neste caso, deberán comunicalo na propia solicitude).

- Profesionais que estean a gozar ou gozasen nos dous últimos anos, dunha licenza de maternidade, dun permiso de paternidade, dunha redución de xornada ou dunha excedencia por coidado de familiares.

- Cando o curso para o cal presenta solicitude requira a presentación de documentación complementaria co obxecto de acreditar circunstancias específicas de acordo cos criterios



de selección, deberá remitir tal documentación por fax (886 20 61 22), por correo electrónico (formacion.agasp@xunta.es) ou de acordo co establecido no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais desde as 8.00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG ata as 14.00 horas da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

- O número máximo de cursos que se poden solicitar nesta convocatoria límtase a 5.

No caso de que unha mesma persoa, presente máis solicitudes das permitidas, a Agasp de xeito automático elixirá as primeiras 5 accións formativas solicitadas.

- Non está permitida a realización de cursos que teñan simultaneidade de horarios en unha ou varias sesións presenciais. Cando o alumnado teña coñecemento de que foi seleccionado para un curso que teña coincidencia horaria con outro en que xa foi seleccionado debe renunciar a un deles. No caso de que se comprobe con posterioridade a realización simultánea de varias actividades, non se expedirá certificación de ningunha delas, e o/a alumno/a non poderá participar noutros cursos durante un ano desde que se detecte este feito.

#### Terceira. *Criterios xerais de selección*

Os criterios xerais de selección son os que a continuación se indican, sen prexuízo de que cursos específicos requiran outros diferentes, o cal se indicará na ficha de cada acción formativa concreta.

- Menor número de cursos realizados na Agasp nos dous últimos anos.
- Por orde de inscrición.

Terán preferencia na selección os/as candidatos/as que estean a gozar ou gozasen, nos dous últimos anos dunha licenza de maternidade, dun permiso de paternidade, dunha redución da xornada ou dunha excedencia para o coidado de familiares, sempre que cumpran cos requisitos obxectivos para ser destinatarios do curso.

Ademais, de conformidade co establecido no artigo 37 bis da Lei 7/2004, para a igualdade de homes e mulleres, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organi-



zadas ou financiadas pola Administración pública galega, reservarase un 50 % das prazas a mulleres que reúnan os requisitos exixidos na convocatoria.

#### Cuarta. *Admisión*

- A Agasp publicará na súa páxina web a relación de persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas, con polo menos, 5 días naturais antes do inicio de cada curso.

O prazo de presentación de alegacións será de tres días naturais desde a súa publicación.

Os/as alumnos/as seleccionados serán informados da súa selección a través do correo electrónico e da mensaxería telefónica, todos aqueles que non figuren na relación, non foron seleccionados, ben porque ocupan un posto máis afastado na listaxe de reservas, ben porque foron excluídos por algún motivo dos expresados nesta convocatoria, todo de acordo co previsto no artigo 59.6.b) da LRXPAC.

A Agasp reservase o dereito de solicitar aos concellos de procedencia todos aqueles datos que considere necesarios para a adecuada realización da selección.

- O alumnado seleccionado só poderá renunciar ao curso por causas de forza maior suficientemente xustificada ou necesidade do servizo sempre que se acredite documentalmente o feito alegado polo xefe/a do corpo da policía local do concello en que traballe ou a súa persoa responsable.

No caso de cambios de cadrante ou quendas de traballo, deberán quedar acreditados suficientemente os seus motivos e que se coñeceron con posterioridade á solicitude de inscrición no curso.

A renuncia debe ser comunicada por escrito a través do modelo que figura na páxina web da Agasp e con unha antelación de 3 días hábiles ao inicio do curso, co fin de poder cubrir a vacante.

A renuncia non xustificada ou a non acreditación documental da causa que a produce suporá a exclusión da persoa seleccionada nos seguintes 10 cursos que se convoquen polo Servizo de Formación en Seguridade Pública da Agasp e en que a persoa figura como a súa posible destinataria, sen contar edicións repetidas, cursos xa realizados e que polo menos teñan a mesma carga horaria, do curso polo que foi penalizado.



**Quinta. Asistencia aos cursos**

- É obrigatoria a asistencia con puntualidade a todas as sesións dos cursos.

Durante a realización dos cursos levarase un control permanente da asistencia a través dos sistemas que se establezan para o efecto, e poderá realizarse controis de asistencia extraordinarios.

Unicamente se autorizará a ausencia por causas xustificadas e debidamente acreditadas e en ningún caso, poderá superar o 10 % das horas lectivas.

A ausencia xustificada superior ao 10 % do total das horas lectivas suporá a perda do dereito a expedición do diploma, no caso de haber unha segunda edición do curso en cuestión, o Servizo de Formación en Seguridade Pública, poderá valorar a posibilidade de que o/a alumno/a poida recuperar as horas non realizadas na edición anterior, en todo caso para poder valorar esta posibilidade non poden transcorrer máis de seis meses entre unha edición e a seguinte.

A falta de asistencia dun número superior ao 10 % das horas lectivas sen xustificación ou falta de acreditación documental da causa alegada non só dará lugar a perda do dereito ao diploma do curso, senón tamén a penalización coa non participación en cursos da Agasp durante un ano, contado desde o día seguinte ao da finalización do curso.

- O alumnado asistirá aos cursos co uniforme regulamentario. No caso de non facelo, e non existir causa suficientemente xustificada, a Agasp poderá impedir a asistencia ao curso e non emitirá diploma nin certificado acreditativo algún.

**Sexta. Certificación**

Para poder superar os cursos o alumnado deberá superar unha proba de avaliación que se levará a cabo ao seu remate.

**Sétima. Desenvolvemento dos cursos**

- A Agasp poderá suspender a realización de actividades formativas convocadas cando sexa necesario por motivos técnicos ou insuficiencia de solicitudes de participación.

- A Agasp poderá modificar as datas, horarios, contidos e desenvolvemento dos cursos, así como resolver todas as continxencias e incidencias que poidan xurdir.

- A Agasp poderá programar cursos diferentes cando así veña exixido por circunstancias que afecten a organización, xestión e docencia.



**ANEXO II**

Código	Denominación actividade	Nº horas	Nº prazas/ edición	Datas	Horario
<b>Tráfico e seguridade viaria</b>					
181049	Matriculación de vehículos	8	25	20.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181050	Matriculación de vehículos	8	25	21.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181034	Control de taxis e VTC	8	25	21.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181051	Reformas de vehículos. Actuación policial. Nivel 2	8	25	9.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181052	Reformas de vehículos. Actuación policial. Nivel 2	8	25	10.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181053	Introdución á circulación internacional de vehículos. Nivel 3	8	25	12.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181011	Operadores de radar. Nivel 1	20	25	7, 8 e 9.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181012	Transportes. Actualización. Nivel 1	24	25	11, 12 e 13.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181013	Detección drogas conducción. Nivel 1	15	25	9 a 10.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181014	Detección drogas conducción. Nivel 1	15	25	4 e 5.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181054	Interpretación e uso de base de datos ATEX. Nivel 2	8	25	18.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181035	Condicions técnicas dos vehículos e reformas de importancia. Nivel 1	8	25	14.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181036	Condicions técnicas dos vehículos e reformas de importancia. Nivel 1	8	25	15.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181055	Operativa policial aplicada á circulación de vehículos estranxeiros. Nivel 3	30	15	14, 15, 16 e 17.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181026	Protocolos e programas informáticos para atestados, alcohol e drogas. O delito 384. Nivel 1	20	25	21, 22 e 23.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181025	Plans de seguridade e mobilidade urbana	20	20	5, 6 e 7.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
<b>Policía comunitaria e policía de proximidade</b>					
181009	Policía comunitaria*	16	16	18 e 19.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181010	Policía comunitaria	16	16	20 e 21.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181024	Xestión policial	24	25	21, 22 e 23.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181056	Linguaxe saudable	8	16	8.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30



Código	Denominación actividade	Nº horas	Nº prazas/ edición	Datas	Horario
181007	Básico de mediación	25	20	6, 7 e 8.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181008	Básico de mediación	25	20	9, 10 e 11.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181032	Actuación policial ante os tribunais	8	25	5, 6 e 7.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
Área xurídica. Policía administrativa					
181023	Dereito procesual penal policial	65	25	17, 23 e 30.4.2018, 7, 14, 21 e 28.5.2018, 4.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181028	Aplicación práctica da Lei de seguridade cidadá	12	25	9 e 10.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181058	Actas de intervención de armas. Referencia ás «armas prohibidas»	8	25	11.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181059	Lei de protección do benestar animal	4	25	5.3.2018	10.00-14.00
181060	Lei de protección do benestar animal	4	25	5.3.2018	15.30-19.30
181041	Consumo de drogas e adicións. Especial atención aos menores. Prevención policial	12	25	24 e 25.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181015	Estranxeiría	16	25	10 e 11.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181016	Delitos de odio	16	25	19 e 20.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181061	Xestión policial da diversidade	12	25	31.5.2018 e 1.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181107	Xestión policial da diversidade	12	25	1 e 2.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181042	Policía local e medio ambiente: actualización	16	25	3 e 4.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181062	A nova regulación do urbanismo en Galicia	20	25	21, 22 e 23.2.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181033	Responsabilidade civil e penal das forzas e corpos de seguridade	20	25	7, 8 e 9.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181038	A nova normativa de protección de datos. Especial referencia á actividade policial	10	25	27 e 28.2.2018	9.00-14.00
181037	Videovixilancia e actividade policial	10	25	22 e 23.3.2018	9.00-14.00
181039	Acoso escolar. Redes sociais	16	25	12 e 13.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181040	Intervención policial ante pintadas e grafites	8	25	17.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181063	Criminal <i>profiling</i>	20	25	26, 27 e 28.2.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30



Código	Denominación actividade	Nº horas	Nº prazas/ edición	Datas	Horario
181064	Agresións sexuais. 1ª actuación coa vítima	12	25	7 e 8.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181065	Agresións sexuais. 1ª actuación coa vítima	12	25	9 e 10.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
Violencia de xénero					
181066	1ª actuación da policía ante un suposto de violencia de xénero	8	25	5.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181067	1ª actuación da policía ante un suposto de violencia de xénero	8	25	6.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181068	Instrución de dilixencias por violencia de xénero	8	25	12.4.2017	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181069	Instrución de dilixencias por violencia de xénero	8	25	13.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181070	Recursos das administracións públicas nos supostos de violencia de xénero	4	25	16.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181071	Intervención co home maltratador	12	25	14 e 15.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181072	Os menores como vítimas	8	25	4.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
O terrorismo xihadista					
181073	Inmigración e interculturalidade	8	25	10.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181074	Identificación, análise e resposta ante a ameaza do terrorismo xihadista 1	10	20	5.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181075	Identificación, análise e resposta ante a ameaza do terrorismo xihadista 1	10	20	27.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181076	Identificación, análise e resposta ante a ameaza do terrorismo xihadista 2	10	20	7.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181077	Identificación, análise e resposta ante a ameaza do terrorismo xihadista 2	10	20	8.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181104	Plan de convivencia e loita contra a radicalización violenta	24	20	1.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181105	Plan de convivencia e loita contra a radicalización violenta	24	20	1.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
Táctica policial					
181027	A seguridade persoal e o uso da forza	16	16	3 e 4.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181029	Servizos de paisano	12	20	16 e 17.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181030	Servizos de paisano	12	20	17 e 18.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00





Código	Denominación actividade	Nº horas	Nº prazas/ edición	Datas	Horario
181031	Rexistros en espazos pechados	12	16	22 e 23.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181043	Intervención en inmobles	20	16	3, 5, 10 e 12.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
Utilización de medios de dotación policial					
181078	Tiro con resposta	12	12	5 e 6.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181079	Tiro con pouca visibilidade ou nocturno	12	12	9 e 10.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181080	Uso da linterna	4	12	14.4.2018	10.00-14.00
181081	Uso da linterna	4	12	14.4.2018	15.30-19.30
181044	Condución 4x4	16	16	19 e 20.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181108	Condución 4x4	16	16	21 e 22.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
Protección civil e emerxencias					
181082	Coordinación cos servizos de emerxencias	8	25	30.5.2017	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181083	Coordinación cos servizos de emerxencias	8	25	31.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181084	Actuación ante incendios urbanos	8	16	9.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181085	Actuación ante incendios urbanos	8	16	16.4.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181086	Actuación ante incendios forestais	8	16	7.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181087	Actuación ante incendios forestais	8	16	14.5.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30 e 10.00-14.00
181088	Uso dos extintores	4	12	7.6.2018	10:00 -14:00
181089	Uso dos extintores	4	12	7.6.2018	15.30-19.30
181109	Investigación de incendios	16	25	5 e 6.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30



Código	Denominación actividade	Nº horas	Nº prazas/ edición	Datas	Horario
Área técnica					
181090	DESA	8	16	22.3.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181091	DESA	8	16	7.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181092	Socorrismo e primeiros auxilios	8	12	9.6.2017	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181093	Socorrismo e primeiros auxilios	8	12	10.6.2018	10.00-14.00 e 15.30-19.30
181094	Seguridade e autoprotección en contornos acuáticos	16	16	4 e 5.6.2006	9.00-18.30
181095	Seguridade e autoprotección en contornos acuáticos	16	16	6 e 7.6.2006	9.00-18.30
181096	Seguridade e autoprotección nos accidentes de tráfico	16	16	27 e 28.2.2018	9.00-18.30
181097	Seguridade e autoprotección nos accidentes de tráfico	16	16	3 e 4.4.2004	9.00-18.30
181098	PER**	24+12+16	20	Abril a xuño de 2018	Por determinar
181099	Orientación e localización	16	16	11 e 13.6.2018	9.00-19.00
181100	Orientación e localización	16	16	12 e 14.6.2018	9.00-19.00
181101	Manexo e utilidade dos drons no eido policial	42	12	Xuño de 2018	Por determinar
181110	Rastrexo humano e de vehículos en contornos naturais	25	25	Maio e xuño de 2018	Por determinar
181102	Intervención da policía con cans e demais animais	32	20	9, 10, 14 e 15.3.2018	Por determinar

\* Curso dirixido a xefes e mandos da Policía Local.

\*\* 1º requisito, traballar en zona de costa.

